


PROGRAMA XERAL

Sección Oficial





MOSTRA DE CURTAS NOIA



PROGRAMA XERAL

Do 12 ao 22 de Novembro

MÉRCORES 12 NOVEMBRO

Inauguración oficial da Mostra

20:30 h, Gala de Inauguración

XOVES 13 NOVEMBRO

10:00 h, "CURTACATIVA

Teatro Coliseo Noela – IES Virxe do Mar

20:30 h, Sección Oficial

Teatro Coliseo Noela – Primeira sesión

As mellores curtas da edición comezan a competir polo gran premio.

CURTAS

VENRES 14 NOVEMBRO

10:00 h, "CURTACATIVA "

Teatro Coliseo Noela

EIP Alexandre Rodríguez Cadarso

10:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

"Crea o teu videoclip" – Álex Agüera

Obradoiro creativo para estudantes, onde aprenderán a crear o seu primeiro videoclip.

11:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

Networking. "Café Toscaf con Historia o aroma dos Proxectos"

12:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

"Como distribuír a túa curtametraxe"

FESTHOME, Fernando Patín distribuidor

independiente CityBlueesFilm

Consellos profesionais sobre festivais e distribución internacional.

17:00 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

"A IA no audiovisual 1"

Aplicacións prácticas da intelixencia artificial no proceso creativo.

18:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

"PICHING 1, sobre proxecto"

Espacio único de conexión entre creador@s, produtor@s e profesionais do sector audiovisual, plataforma de lanzamento onde as ideas cobran vida e os talentos emerxentes encontran as ferramentas e conexións necesarias para dar o salto definitivo da idea á pantalla.

20:30 h, Sección Oficial Teatro Coliseo Noela – Segunda sesión



SÁBADO 15 NOVIEMBRE

Novos proxectos e novas voces

10:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

“A IA no audiovisual 2”

Charlas sobre intelixencia artificial aplicada ao cine e á creación de contidos.

12:00 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

Networking. “Café Toscaf con Historia o aroma dos Proxectos”

12:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Cafetería Sociedade Liceo

“Talks do Audiovisual.- conversas que nos unen”

Encontro entre profesionais e o público,
Coa participación de: Juancho Alvarez
(productor e CEO de Gossua Management),
Sonia Bautista (Nuevos Realizadores) e
Fernando Patín (distribuidor independente
CityBluesFilm)

17:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Edificio do casino

“PICHING 2, sobre proxectos realizados”

Novos talentos presentan os seus proxectos
ante produtoras e profesionais.

20:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Coliseo Noela

Premier Rondallas

Coa participación de actores, Director e
Productor da película



Dous anos despois do trágico naufraxio dun barco pesqueiro que sacudiu un pequeno pobo mariñeiro galego, os habitantes do lugar deciden que xa é hora de recuperar a ilusión e deixar o loito atrás. Por iso volven unirse para poñer en marcha a rondalla, unha agrupación de música tradicional na que participan desde nenos ata anciáns, coa intención de competir nun concurso contra os pobos veciños, pero sobre todo de comezar a mirar cara adiante de novo.

DOMINGO 16 NOVIEMBRE

11:00 h, ARREDOR DAS CURTAS

Cafetería Sociedade Liceo

"Noia Plató Natural"

13:00 h, ARREDOR DAS CURTAS

Cafetería Sociedade Liceo

Presentación dos libros de Alex Agüera

"Cine desde Cero"

"Mi primer Cortometraje"

20:00 h, Sección Oficial Coliseo Noela –

Terceira sesión

LUNS 17 NOVIEMBRE

10:00 h - "CURTACATIVA "

Teatro Coliseo Noela – Colexio Jaime Balmes

11:30 h, "CURTACATIVA "

Coliseo Noela – A Creba & A Misela

CEIP Ricardo Tubio de Esteiro

20:30 h, Sección Oficial Coliseo Noela –

Cuarta sesión

MARTES 18 NOVIEMBRE

10:00 h, "CURTACATIVA "

Teatro Coliseo Noela – Colexio María Assumpta

11:30 h, "CURTACATIVA "

Teatro Coliseo Noela

Colexio María Assumpta

20:30 h, Sección Oficial Coliseo Noela – Quinta sesión

MÉRCORES 19 NOVIEMBRE

10:00 h - "CURTACATIVA "

Teatro Coliseo Noela – CIP Felipe de Castro

20:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Teatro coliseo Noela

"COUSAS DAQUÍ"

Historias locais que reflexan a identidade e emoción da nosa terra.

Coa colaboración do grupo "Canta Paranoia"

"Strobo"

Documental do colexio María Assumpta

"Vivir no rural"

Mercedes Silva

Serafín "El castañero"

Nacho Carnota e Jorge García

"Este sol non é coma ningún"

César Souto e Luis Avilés

XOVES 20 NOVEMBRO

10:00 h • “CURTACATIVA ”

Teatro Coliseo Noela
IES Campo de San Alberto

11:30 h • “CURTACATIVA ”

Teatro Coliseo Noela
CIP Cernadas de Castro
CIP Adr Castela

20:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Teatro Coliseo Noela

Premier do documental “Sólo pienso en ti”

(Victor Manuel)

Coa presenza e participación dos directores,
produtores e Actores do mesmo.

VENRES 21 NOVEMBRO

10:00 h • “CURTACATIVA ”

Teatro Coliseo Noela
CIP Cernadas de Castro

20:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Teatro Coliseo Noela

“Historias de Halloween”

coa presenza do seu director Kiko Prada e
parte do elenco.

Ao final do franquismo, o cantautor Víctor Manuel reflexiona sobre temas que nunca antes apareceran nas cancións. Mentres, noutra parte de España, Don Xoán, un médico comprometido, loita por defender as persoas con discapacidade, entre elas Antonio e Mari Luz, cuxo amor desafía as convencións da época. De maneira inesperada, ambos mundos crúzanse e únense a través da canción «Solo pienso en ti», demostrando que o poder transformador da música non coñece fronteiras.



Luís é un neno cunha vida social baseada na tecnoloxía, os videoxogos e os amigos en liña. No día de Samaín, por insistencia da súa nai, sae á rúa a facer “truco ou trato” sen éxito. Porén, o seu bagaxe levarao a coñecer a Ander, un home misterioso que rexe un anticuario, e xuntos, a través de diferentes cómics, mergullanse en historias arrepiantes.



SÁBADO 22 NOVIEMBRE

11:30 h, ARREDOR DAS CURTAS

Cafetería Sociedade Liceo

“La música en el audiovisual”

Jorge Magaz


20:00 h, Gala

Entrega de premios, homenaxes, emocións
e moita paixón polo cinema.

Un broche de ouro para celebrar 26 anos de
historias feitas imaxe.

A stylized background image featuring a film strip. The film strip is grey and runs vertically, with sprocket holes visible on the right side. Inside the film strip, there is a black and white portrait of a person with curly hair, looking slightly to the side. The word "CURTAS" is overlaid on the image in large, bold, blue and purple letters. The letters "C" and "U" are blue, while "R", "T", "A", and "S" are purple. The letters are slightly transparent, allowing the background image to be seen through them.

CURTAS



MOSTRA DE CURTAS NOIA

SECCIÓN OFICIAL

SECCIÓN OFICIAL

XOVES 13 NOVIEMBRO



Voyager

País: **España** / Director: **Pablo Pagán** / Duración: **15'** / Idioma: **Español**

Camila é unha conductora de camiións adaptados para despedidas de solteiros. Pechada nunha rutina que a oprime, desenvolveu unha estraña obsesión pola

clientela do seu negocio particular, vendo neles un reflexo da súa incapacidade para integrarse na sociedade.



3000 Elefantes

País: **España** / Directores: **Miguel Piedrafita, Israel Carrillo**

Duración: **16'** / Idioma: **Español**

Ao rematar as súas vacacións de verán no pobo, unha familia prepárase para a viaxe de regreso á casa en coche.

Unha viaxe que pode facerse moi, moi longa.



El Otro Lugar

País: **España** / Directora: **Roberta Chávez** / Duración: **13'** / Idioma: **Chino**

Li Na, unha moza que vive soa en Madrid despois de emigrar desde China, vese sumida no caos cando recibe unha chamada do seu irmán pequeno, Ming, de seis anos. El cóntalle que o seu pai leva varios días desaparecido, deixándoo completamente

só na casa. Mentres tenta protexer a Ming dunha dor que ela coñece demasiado ben, a incerteza sobre o regreso do seu pai esperta nela un fondo desexo de comprendelo e de pechar a fenda aparentemente insalvable que os separa.




Sugar

País: **España** / Directores: **Carlos Gómez – Trigo, Pablo Arreba**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

Marta, unha moza universitaria de 21 anos, leva unha dobre vida. Entre os seus días de clases e as conversacións coas súas amigas Cris e Teresa, Marta

mergúllase no mundo das relacións con homes maiores a través dunha plataforma de "sugar dating".



The Piano

País: **USA** / Directora: **Avery Kroll** / Duración: **8'** / Sen diálogos

Unha nena escapa da cama unha noite para descubrir ao seu pai inclinado sobre o piano, vertendo a súa alma nas teclas. O poderoso vínculo que crean ao tocar música xuntos dura toda a vida. Despois do

seu falecemento, ela honra a súa memoria interpretando a súa canción e ensinándolla ao seu fillo, transmitindo así o lazo musical á seguinte xeración.



One way cycle

País: **Portugal** / Directora: **Alicia Núñez Puerto**

Duración: **10'** / Idioma: **Español**

Adela naceu en Asturias (España) a principios do século XX, nunha época na que a vida era dura e había poucas oportunidades. Tras varios anos limpando, lavando roupa e collendo na herba do

prado, Adela decidiu emigrar en 1929 á Habana seguindo á súa irmá Segunda, que partira uns anos antes e á que estaba moi unida.



Old Shoes

País: **España** / Director: **Cucho Lóez Capilla**

Duración: **3'** / Sen diálogos

Un home maior atopa os seus vellos zapatos de baile e, ao poñelos, revive a lembranza dun amor eterno que aínda segue vivo no seu corazón.



Insalvable

País: **España** / Director: **Javier Marco** / Duración: **18'** / Idioma: **Español**

Mauro quedou para cear nun lujoso restaurante con Ángel, o extraño ao que salvou a vida hai unhas semanas.

CURTIAS

SECCIÓN OFICIAL

VENRES 14 NOVIEMBRE



Faustino

País: **España** / Director: **German Mairen**

Duración: **20'** / Idioma: **Español**

Faustino, un jubilado de 70 años, visita su banco a diario. Pero hoy es día de cierre, y Ramón, el director de la sucursal, no quiere distracciones. Para deshacerse de él

rápido, decide atenderlo personalmente en su despacho. Lo que no sabe es que no ha ido solo a hacer gestiones... y que este será un día de cierre que jamás olvidará.



El lado más Bestia de la Vida

País: **España** / Director: **José Antonio Campos Aguilera**

Duración: **14'** / Idioma: **Español**

Belén e Paco están xubilados. De xeito inesperado, un dos seus fillos sofre un accidente que cambia por

completo a situación familiar. A vellez complicouse para eles. A vida pode cambiar nun instante.



¿Como que Abuela ?

País: **España** / Director: **Xavi Victoria** / Duración: **15'** / Idioma: **Español**

Dúas mulleres, un funcionario e un carné en busca de avoa. ¿Como que avoa? Se non me vén nada ben. Ademais, ¿preguntoumo alguén?




Lights

País: **España** / Directoras: **Aitana Cantero Velasco, M Isabel Sáiz Romero**
Duración: **5'** / Sen diálogos

A noite cae e a cidade ilumínase grazas á Gran Máquina. Quen coida dela é o inventor. Porén, este non está só. Nas lámpadas da súa torre viven pequenas

criaturas que, ao ver que a máquina lle está causando problemas, deciden axudalo. Pero, ¿como poderán axudar a alguén que non quere ser axudado?



A-Maniki

País: **España** / Directora: **Elixabet Núñez**
Duración: **13'** / Idioma: **Euskera**

Unha muller maior con dificultades no mundo dixital vólvese invisible para a sociedade que a rodea.



Prejuicios

País: **España** / Director: **Javi Prada**
Duración: **8'** / Idioma: **Español**

Curta baseada nun fragmento da novela de Hassan Al-Hamouti Ouass *A LUZ AO FINAL DO TÚNEL*. España, anos 70. Numa universidade marcada pola ditadura e pola rigidez social, Alí, un mozo

estudante de orixe marroquí, loita por encaixar nun contorno que constantemente sinala as súas raíces. Entre burlas veladas, os profesores cuestionan a súa capacidade de xeito inxusto.



Bling Bling

País: **España** / Director: **JPablo Olewski**
Duración: **3'** / Idioma: **Español**

Jose Luis e El Cangri queren estar á última moda. Pero hai que veces que de tanto molar non hai quen che entenda.




Déjame ir

País: **España** / Directora: **María Monreal**

Duración: **4'** / Idioma: **Español**

Mirko, un neno de 11 anos, le as notas á súa nai e tenta convencela de que o deixe ir á excursión de fin de curso.




Davi

País: **España** / Directora: **Julia González**

Duración: **6'** / Sen diálogos

Había dous irmáns. Un deles sempre quixo ser médico, pero o seu destino cambiará para sempre cando a guerra chame á súa porta.



Taxidermist

País: **Irán** / Director: **Sousan Salamat Chaghoooshi**

Duración: **15'** / Sen diálogos

Shahbaz, un taxidermista e traficante de animais, emprende unha viaxe por estrada para entregar un pedido extraño a un


cliente. Unha serie de eventos inesperados converte a Shahbaz de depredador en presa.



Do 1 ao 11

SECCIÓN OFICIAL

DOMINGO 16 NOVIEMBRE



Acción, Figuración

País: **España** / Director: **Pablo Cueto** / Duración: **15'** / Idioma: **Español**

Mati é un actor que xa vai ben entrado na trintena e que segue agardando pola súa oportunidade. O seu único traballo no cinema foi como figurante, algo que continúa afrontando con profesionalidade,

pero que o está levando a cuestionar as súas prioridades. O encontro en escena con Eva, outra compañeira de figuración, fárao reconsiderar estas dúbidas.



Ángulo Muerto

País: **España** / Director: **Cristian Beteta**

Duración: **14'** / Idioma: **Español**

Estela e Ramón atravesaron unha separación e o suicidio de Hugo, o seu único fillo, con tan só 13 anos, despois de sufrir acoso escolar. Cando Estela obtén un vídeo gravado polos agresores do seu fillo,

cre que chegou o momento de manter unha conversa con Ramón. Mentres descubren a realidade do ocorrido con Hugo, intentarán esclarecer se poderían telos evitado e se estiveron á altura como pais.



Una Vocal

País: **España** / Director: **Polo Menarguez**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

Ana e Amparo, filla e nai, enfróntanse aos recordos familiares nun dos lugares máis estraños das súas vidas: a sala de espera dun anatómico forense. Ao

outro lado agárdalles o cadáver do home que lles arruinou a vida. Están alí para recoñecelo, despois de que este sufrise un terrible accidente.



All you need is love

País: **España** / Director: **Dany Ruz**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

Asunción e Mari Carmen son dúas mozas que aspiran a un posto na Sección

Feminina, pero a visita dos Beatles a España lévaas a outro destino.



Buffet Paraiso

País: **España** / Directores: **Santi Azméqueta, Hecto Zafra**

Duración: **8'** / Sen diálogos

Nun restaurante buffet, un grupo diverso de personaxes accede a unha ampla variedade de exquisitas deli-

cias sen ser consciente do grave pecado que representa a gula.



Roba estesa

País: **España** / Director: **Xavier Pijuan** / Duración: **7'** / Idioma: **Español**

Unha avoa solitaria recibe a visita do seu novo veciño mozo, que, a medias, obrigarlle ao rapaz a quedar a merendar. A agradable velada remata e a avoa volve quedar soa. Os días fanse longos e tediosos. Cando parece que xa non pode soportar máis a soidade, a avoa sae ao

patio e descubrimos o seu segredo: a astuta protagonista utiliza unhas longas pinzas extensibles para coller a roupa estendida dos seus veciños e deixala caer no seu patio, obrigándoo así a baixar para recollela.



El Premio

País: **España** / Directora: **Celia Casanova** / Duración: **9'** / Idioma: **Español**

Jorge e Marcos, dous antigos compañeiros de clase na escola de cine, decíden reencontrarse tras moitos anos sen verse na casa de Jorge, xa que el acaba de gañar o Goya a Mellor Director e quere celebralo co seu vello

amigo. O que inicialmente ía ser un encontro animado e feliz, acaba converténdose nunha reunión moito máis intensa, onde parece que só o cine debe ser o verdadeiro protagonista da historia.



Te deixo el Mar

País: **España** / Director: **Alfredo Andreu Rios**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

Berta solicitou legalmente a eutanasia, pero o proceso leva xa cen días de retraso. Agora enfróntase a unha cirurxía

protocolaria e, debido a unha cadea de baixas médicas, a encargada de operala resulta ser a súa irmá Carmen.



El principito Oscar

País: **España** / Director: **Miguel González Buñuel**

Duración: **6'** / Idioma: **Español**

Un testemuño poético e conmovedor sobre unha realidade social pouco coñecida. Un segredo que nos fará soñar e que nunca se ha esquecer.

CURS

SECCIÓN OFICIAL

LUNS 17 NOVEMBRO



Sexo a los 70

País: **España** / Directora: **Vanessa Romero**

Duración: **18'** / Idioma: **Español**

Marga, unha viúva atrapada na monotonía, sorpréndese cando a súa neta lle organiza unha cita a través dunha aplicación, facéndose pasar por ela. A pesar da súa resistencia inicial,

Marga coñece a Agapito, un home falangueiro e amante da salsa, pero a noite non sae como esperaba, xa que a certa idade as relacións levan o seu propio ritmo.



Pálpito

País: **España** / Director: **Moises Romera, Marisa Crespo**

Duración: **17'** / Idioma: **Catalán**

Unha tarotista obsédase coa sensación de que vai suceder un terrible infortunio e fará calquera cousa para evitalo.



Quejío de Loba

País: **España** / Director: **Andrea Ganfornina**

Duración: **14'** / Idioma: **Español**

Grazas á educación que decide dar aos seus fillos, Ana, unha nai xerezana,

descobre a violencia de xénero que recibiu dos homes da súa casa.



Planeta Fome

País: **Brasil** / Director: **Édier Wiliam** / Duración: **15'** / Sen diálogos

Nun mundo no que a fame non é só unha consecuencia senón unha moeda, Ivani, unha nai solteira, perde o seu emprego e, xunto co seu fillo de 8 anos, Lucca, vese empurrada á mi-

seria. O que comeza como unha loita diaria por traballo e dignidade convértese nunha desesperada travesía polas rúas dunha cidade que venera a escaseza e a desigualdade.




Le dernier dimanche de mai

País: **Francia** / Director: **Alejandro Bordier**
Duración: **17'** / Idioma: **Francés**

Cando Jean pasa anos despois pola casa da súa infancia, enfróntase aos dramas do pasado familiar. A través da preparación dun xantar anual, afloran segredos, conflitos e unha obsesiva busca de status social; revelándose as fendas escondidas

detrás da aparente alegría da súa familia. O último domingo de maio explora a complexidade das relacións humanas, ao mesmo tempo que captura a dor e a beleza que trae a memoria.



Depredador

País: **España** / Director: **Javier Fesser** / Duración: **7'** / Idioma: **Español**

Dúas amigas viaxan por un lugar solitario cando o seu coche sofre unha trágica avaría.



Al fresco

País: **España** / Director: **Ignacio Rodó** / Duración: **8'** / Idioma: **Galego**

Habitación grande nun piso de soño. Ubicación inmejorable. Para entrar a vivir. Moita luz.



Pobre Marciano

País: **Países Baixos** / Director: **Alex Rey**

Duración: **8'** / Idioma: **Español**

O nome que che poñen ao nacer pode marcar o teu destino. Que llo digan, se non, ao pobre Marciano Martínez Muela, que só quería ter un

amigo co que cantar... Pero o universo sempre conspira para facer que os teus soños se cumpran.

SECCIÓN OFICIAL

MARTES 18 NOVIEMBRE



Conexiones Inesperadas

País: **España** / Director: **Ocar Toribio**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

Ramón, perdido nun mundo dixital, inicia unha aventura cómica e emotiva tras un incidente co seu móbil. Coa axuda de Raquel, unha dependenta, aprende sobre redes sociais e aplica-

cións para achegarse ao seu neto Xoán, que vive nun universo moi distinto. Xuntos enfróntanse a desafíos divertidos e momentos tenros, descubriendo a tecnoloxía.



Calorcito Vital

País: **España** / Director: **Javier Sanchez – Blanco**

Duración: **17'** / Idioma: **Español**

Calorcito Vital narra a historia de dúas mulleres, Casandra e Piraña, que sobreviven nunha vella cabana de madeira durante unha implacable tormenta de neve. Coa chegada abrupta dunha terceira muller, Piraña decide acender un lume para

mellorar a súa situación. Porén, a súa obsesión polo lume desbócase cando esgota toda a leña e comeza a usar os mobles e mesmo as paredes da cabana como combustible, poñendo en perigo a vida de todas.




Urtajo

País: **España** / Director: **Miguel angel Marqués Bordoy**

Duración: **10'** / Idioma: **Español**

Javier, un político acomodado, enfróntase a un dilema cando unha fuga tóxica dunha empresa que financia o seu partido ameaza con contaminar un pobo veciño. Men-

tres intenta encubrir o desastre e enfrenta problemas persoais, sofre un leve accidente cun outro condutor, cuxa familia se verá directamente afectada polo vertido.



La Luz de los Domingos

País: **España** / Director: **Lucas de Gisper**

Duración: **13'** / Idioma: **Español**

A morte dunha nai, a crise económica e varios negocios fracasados marcarán o destino da familia de Nerea e crearán unha situación familiar insostible entre o seu pai e ela. Neste contexto, decidirá levar á súa irmá pequena, deixando atrás ao seu pai e ao seu

pasado. Esta é a historia dun día, pero non un calquera: 24 horas nas que Nerea deberá reunir o diñeiro necesario para pagar a entrada dun piso humilde e, dese xeito, volver sentir a sensación de ter un fogar.



Si no fuera por mi

País: **España** / Director: **Sergi González**

Duración: **9'** / Idioma: **Español**

Javier vai case todos os días a comer á casa da súa nai. Está a facerse maior e así a mantén contenta. Pero esa rutina

de aparente normalidade agocha un profundo segredo. Ás veces, o fin xustifica os medios.




003

País: **España** / Director: **Daniel Chamorro**

Duración: **3'** / Idioma: **Español**

Un timbre soa. Unha visita inesperada...



Freelance

País: **España** / Director: **Miguel Castaño**

Duración: **1'** / Idioma: **Español**

Un mozo colombiano chega a España perseguindo o soño europeo. Mentres camiña cara ao seu próximo traballo, recibe unha chamada dun familiar

próximo. Cóntanse as súas vidas, problemas e logros. Parece que cumpriu o seu soño: é freelance.

GALICIA Amateur



Lobelia

País: **España** / Directora: **Laura Barriga**

Duración: **15'** / Idioma: **Galego**

Roi é un estudante de filosofía que se enfronta ao reto de aproveitar ao máximo cada momento. Roi comeza unha relación que vai evolucionando ao longo dos anos e descobre que goza da vida con máis intensidade. Inspirado polos seus

consellos de arriscar e aproveitar as oportunidades que lle xorden, Roi e Alba regresan finalmente ao lugar onde se coñeceron, só para descubrir que todo formaba parte dunha ilusión mental: nada era real.




Santa Compaña

País: **España** / Director: **Mateo Bouzada**

Duración: **9'** / Idioma: **Español**

Mauro, un mozo de 22 anos que vive nun pobo da Galicia profunda, escoita unha mañá unhas estranas campañiñas no bosque mentres caza; a partir dese momento, nada volverá a ser igual.



Dinosaurios

País: **España** / Directora: **Antía Rodeiro**

Duración: **4'** / Idioma: **Español**

Sempre imaxinamos o peor. Unha conversa acalorada entre uns pais fará que se planteen os escenarios máis macabros nos que podería atoparse a súa filla Sara. ¿Por que vai tanto en tren de repente? ¿A onde? ¿En que cousas estrañas

estará metida? Ás veces, o realmente importante é observar antes de sacar conclusións precipitadas, e quizais así consigan unha resposta antes de que a súa filla chegue ao seu destino.

XURADO



Ana Liébana

Guionista
Directora



Juan Galiñares

Guionista
Director



Jorge Magaz

Compositor BSO



Miguel Bardem

Guionista
Director



Raquel Menor

Productora
Actriz
Guionista



PREMIO HONORÍFICO

Mela Casal

Unha das grandes damas da interpretación galega, unha actriz cuxo talento, sensibilidade e compromiso deixaron unha fonda pegada no teatro, no cine e na televisión do noso país.

Comezou a súa carreira nos anos oitenta, coincidindo cos primeiros pasos da televisión autonómica galega, e axiña se converteu nun rostro imprescindible das nosas pantallas. O seu papel de Celia Rei na mítica serie *Mareas Vivas* fixoa moi querida polo público e consolidouna como unha das intérpretes máis recoñecibles e respectadas de Galicia.

Ao longo da súa traxectoria, Mela Casal destacou pola súa capacidade para dotar de humanidade e verdade a cada personaxe, tanto en rexistros dramáticos como cómicos. Participou en numerosas producións audiovisuais e teatrais, e tamén no ámbito da dobraxe, sempre coa mesma paixón e profesionalidade.



En 2022 recibiu o Premio de Honra do Ourense Film Festival (OUFF), un recoñecemento merecido a toda unha vida dedicada á arte da interpretación. Ela mesma definiu a súa actitude ante o oficio cunha frase que resume o seu espírito: “Hoxe estou agradecida, mañá estarei reivindicativa como sempre”.

O Festival de Curtas de Noia entrégalle este Premio Honorífico como homenaxe á súa traxectoria exemplar, á súa entrega incansable e á súa contribución esencial á cultura e ao audiovisual galego. Mela Casal representa o mellor da nosa escena: talento, humanidade e un compromiso profundo co noso idioma e coa nosa identidade.



Concello
de Noia
Concellería de cultura



por ti
us
oli



Deputación
DA CORUÑA



www.aqualing.com



Autos Patiño Noia



Autos Patiño Noia SL
www.autospatino.es



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

